



A verba do Corvo

Bato as ás sen descanso, pero non sei se este ano darei chegado. Malia o meu esforzo, co vento en contra non resulta doado facer cume alí, na aldea de Meiro. Sexa como for, sirvan as miñas verbas para testemuñar o acontecido nos últimos tempos e convidarvos a avanzar por estas páxinas escritas na lingua do Corvo.

Como cada marzal, os grans escuros devecen por facer soar o cacarexo do muiño, mesmo a pesar dos impedimentos que puxemos os larpeiros de tan saboroso millo. As voluntarias e voluntarios da Asociación Cultural de Meiro houberon de botar ata tres veces a semente que lles fomos peteirar os corvos. Por sorte, aínda hai quen tenda unha man de xeito desinteresado. Fronte ao xabril, nesta ocasión brindouse un inesperado Robin Hood que se atopaba de vacacións por estas terras e que se ofreceu a vir a Meiro co seu arco e as súas frechas.

No entanto, o desgusto que provocan os depredadores do gran negro non é nada comparado coa mágoa das ausencias. Foi un ano duro no que se foron algúns deses veciños que sempre estaban aí, pulando para que o soño saíse adiante. Xa non escoitarán o estourido da auga facendo xirar o reducio pero, dun xeito ou doutro, estarán sempre connosco.

É o ciclo da vida e do millo, as forzas naturais, que nas últimas datas trouxeron tamén malas novas do outro lado do mundo, alá onde o voo do corvo xa non chega. O terremoto e o 'tsunami' en Xapón deixaron claro que o home nunca será quen de dominar a natureza, nin sequera nun dos países máis avanzados do planeta. Ao borde da apocalipse nuclear, cómpre cuestionarse aquilo que demos en chamar progreso. É facémolo dende a defensa do tradicional e dun desenvolvemento sostible.

Os ventos do Oriente lembráronnos hai uns meses que moitos gobernos non respectan algo tan básico coma os Dereitos Humanos. Unha cadeira baleira denunciaba en Oslo que o intelectual chinés Liu Xiaobo segue encarcerado. Unha cadeira que hai tres décadas ocupara un bo amigo de Meiro, o Premio Nobel da Paz Adolfo Pérez Esquivel. Nomeemos tamén aquí Mario Vargas Llosa e o seu discurso ao recoller o Nobel de Literatura.

Os discursos e o idioma no que se pronuncian abriron regos de discordia nos últimos tempos, cando deberían ter servido para sementar o entendemento. Tivo que ser unha parlamentaria vasca quen estreara a lingua de Rosalía no Senado, despois de que unha galega rexeitara facelo, no primeiro día en que se autorizaba o uso das linguas cooficiais na cámara.

O corvo fala e falará sempre na lingua de seu, defendéndoa como defende o millo escuro. O galego nas aulas debería medrar coma os milleiros nas leiras. Nas aulas, no traballo, na rúa e en publicacións coma e sta, que avoga polos valores propios. Dende a carpintería de ribeira ata o gando autóctono, das aves endémicas á sanidade pública. Os artigos aquí recollidos vanse debullando como a espiga secada no hórreo. Os autores e autoras sóbennos polas costas de Meiro e Hermelo, lévannos debaixo da viña, mergúllannos nos máxicos bosques do almanaque celta e descóbrennos unha veiga no mar. Non faltan textos de inspiración poética, nin sequera un alternativo conxuro da queimada. Cada achega é imprescindible para armar este palleiro que é A Lingua do Corvo. Que vos preste!